



Ficha de Socio/a

Nº de Socio/a: _____
Data da entrevista: _____

Nome e Apelidos:
Enderezo:
Código Postal: Localidade:
D.N.I.:

Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

OFERTAS:

1.
2.
3.
4.
5.
6.

NORMATIVA DA ASOCIACIÓN “ENCOMÚN”, Banco de Tempo de Allariz.

Finalidade

1. O Banco de Tempo “encomún” é un proxecto que funciona sen ánimo de lucro, polo que ningún intercambio poderá ser remunerado con diñeiro.
2. O Banco de Tempo “encomún” ten como finalidade promover o intercambio de tempo entre as persoas que conviven nas diferentes parroquias do Concello de Allariz.

Participación

3. Todas as persoas interesadas poden participar no Banco de Tempo, para o que terán que solicitar unha entrevista na que se lles informará do funcionamento e da normativa do Banco de Tempo. O Banco de Tempo convidará a coñecer os seus intercambios e actividades a quen o desexe, pero para formar parte da rede de intercambios as persoas deberán facerse socios/as da asociación “encomún” comprometéndose coa súa normativa así como a ofrecer e a pedir tempo.

Mecánica

4. A unidade de intercambio é a hora, independentemente do tipo de servizo que se ofrezca ou demande.
5. Cada persoa socia será titular dunha conta corrente de tempo e dunha chequera persoal. No intre do intercambio a persoa que recibe o servizo entregará un cheque a quen o prestou, onde constará o número de horas do intercambio.
6. O Banco de Tempo “encomún”, para promover o proxecto, ofrece un saldo inicial de tempo a todos os seus socios/as de 5 horas. En ningún caso a diferenza entre horas demandadas e prestadas poderá ser superior a 20 horas.
7. A secretaría do Banco de Tempo levará a contabilidade das horas, realizando os balances necesarios para analizar os saldos existentes. Establecese o último xoves de cada mes como a data sinalada para facer estas actualizacións.
8. Os socios/as comprométense a ter actualizado o seu rexistro de horas mes a mes.
9. O Banco de Tempo contará cun listado actualizado dos servizos que se ofertan de cara a facelo público.
10. Os intercambios poderán realizarse directamente entre os socios/as do Banco de Tempo, para o que se creará e facilitará aos socios/as un documento actualizado co número de teléfono de cada persoa xunto co servizo que intercambia.

Responsabilidade

11. Requirese dos socios/as discreción e responsabilidade na realización dos servizos intercambiados así como na custodia dos datos persoais facilitados.
12. En cumprimento da LOPD (Lei Orgánica de Protección de Datos), a información recabada sobre as persoas inscritas no Banco de Tempo é confidencial, e baixo ningún concepto se permitirá a súa difusión para fins alleos ao mesmo.
13. As persoas asociadas ao Banco de Tempo comprométense a aceptar e cumprir esta normativa.
14. En caso de conflito, a xunta directiva do Banco de Tempo será a responsábel de resolver as posibles diferenzas, si se producisen.

Estou dacordo coa presente normativa do Banco de Tempo “encomún” e me comprometo a participar neste proxecto segundo o mesma. Igualmente, autorizo á secretaría a empregar a información contida nesta folla, ficha de socio/a, pero só para finalidades específicas do Banco de Tempo.

En Allariz, a ____ de _____ de _____ Asinado: